

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Departamento de Grego

IES Castro Aobre

CURSO 2023-2024

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

As probas escritas de cada trimestre constarán das seguintes partes:

a) Tradución dun texto con dicionario (5 puntos). Na tradución consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) como na léxica (erro na consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica da tradución. Por cada erro na interpretación léxica dunha palabra descontarase 0,25; por cada erro illado na tradución de sintagmas (sen que afecte ao significado global do texto) descontarase entre 0,4 e 0,5. A tradución equivocada de oracións completas ou a non tradución das mesmas descontará entre 1,5 ou 2 puntos, dependendo da súa extensión e complexidade sintáctica.

b) A análise sintáctica ou morfolóxica dun fragmento subliñado do texto proposto para a súa tradución será valorada cunha puntuación máxima de 1 punto.

c) As preguntas de carácter gramatical, que sirvan para fixar os contidos imprescindibles para resolver con éxito a tradución e comprensión dos textos, terán unha puntuación máxima de 2 puntos.

d) As preguntas de carácter léxico terán unha puntuación máxima de 1 punto e as de literatura de 1 puntos. Valorarase tanto o contido como a forma en que os coñecementos son expostos (corrección e soltura léxica, sintáctica, ortográfica, etc.).

A calificación de cada avaliación obterase da seguinte maneira:

- Probas escritas: 80%. En caso de que se fagan dous ou máis probas, se o alumnado así o solicita, farase a media das puntuacións obtidas nesas probas. Considérase necesario, para facer a media, sacar nos exames unha puntuación de dous ou superior.

- Proxectos individuais e/ou grupais sobre as lecturas propostas polo grupo de traballo de Grego para ABAU: 20% da nota da avaliación. A estes proxectos dedicaráselle unha hora semanal de clase, polo que a participación e implicación na elaboración dos mesmos será observada na clase e anotada semanalmente nun caderno de notas.

Elaborarase unha rúbrica para valorar os seguintes aspectos:

- a participación activa na elaboración e exposición oral dos proxectos na clase (respecto polos demais compañeiros e compañeiras e polas súas aportacións e a posta en común, respectando a quenda de palabra, das diferentes ideas): 3%

- a utilización de diversas fontes de información: 2%

- a claridade e corrección gramatical na exposición dos contidos, tanto orais como escritos: 10%

- a presentación dos proxectos dun xeito ordenado, claro, sinxelo e creativo: 5%

CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final, ao ser avaliación continua, será a nota acadada na última avaliación, sempre e cando sexa igual ou superior á nota media das tres avaliacións. Se a nota media favorece ao alumnado, será a súa cualificación final, xa que é lícito ter en conta o esforzo e interese amosado durante todo o curso.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas adaptadas aos contidos de cada UD.
2. Táboas de indicadores como rúbricas para as probas orais, as presentacións ou os traballos escritos a desenvolver sobre as lecturas.


CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Contéplase facer unha recuperación de cada un dos trimestres cunha cualificación inferior a 5 nos quince días seguintes á comunicación da nota da avaliación. Entregaranse os exames para a súa corrección e para aclarar as dúbidas do alumnado.

Farase unha recuperación final antes da avaliación ordinaria de maio, que incluírá todos os contidos vistos ao longo do curso. O modelo de proba axustarase aos apartados establecidos. A non participación nos proxectos de lectura propostos ou a súa cualificación negativa, suporá a entrega dun traballo sobre o autor e a obra ou obras non lidas no seu momento.

Vilagarcía de Arousa, 27 de novembro de 2023

A xefa de departamento



Asdo: Guadalupe Vilar Bernárdez